



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Educación

Convocatoria extraordinaria para a solicitude de prazas vacantes nas escolas infantís municipais da rede de escolas infantís

O concelleiro da Área de goberno de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica mediante resolución do 27.06.2024, resolveu:

Primeiro.- Proceder á apertura da convocatoria de prazas vacantes dentro do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís Municipais. O prazo de solicitude será de 5 días contados a partir do día seguinte á publicación da resolución desta convocatoria no BOP.

As prazas ofertadas son as seguintes:

Aula/ano de nacemento	A Caracola	Agra do Orzán	Arela	Carricanta	Los Rosales	Luis Seoane	Monte Alto	Os Cativos
Aulas 0-1 (2024)	5	11	2	9	10	3	0	14
Aulas 1-2 (2023)	0	0	0	0	0	0	1	5
Aulas 2-3 (2022)	4	11	11	13	17	0	1	15

Segundo.- As persoas adxudicatarias dunha praza vacante causarán baixa na listaxe de agarda da escola na que figuren anteriormente.

De ser o caso, si se atopa matriculada xa nalgunha escola por ser beneficiaria desta na convocatoria ordinaria, deberá renunciar a praza inicialmente adxudicada no momento da matriculación na nova escola.

Terceiro.- As solicitudes xunto co resto da documentación presentaranse no rexistro municipal (presencial ou telemática). No caso de presentar a solicitude por outro medio permitido na Lei de Procedemento Administrativo, deberá informar ao Servizo Municipal de Educación ao correo electrónico: escuelasinfantiles@coruna.gal.

Cuarto.- As persoas solicitantes que participaron no proceso anterior, presentarán a solicitude por rexistro pero non están obrigadas a presentar o resto da documentación exixida salvo que, de afectar á baremación, se precise unha actualización da mesma. Neste caso deberán sinalar na solicitude o número de ID vencellado ao anterior proceso.

A Coruña, 27 de xuño de 2024

José Ignacio Borrego Vázquez

Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica

2024/4604